

Lucas 21, 5-19: "*Non vos preocupedes. eu poñerei palabras na vosa boca*".

Mensaxe: Nada de medos, Deus poñerá palabras na miña boca.

Texto xeral a ter en conta polo presidente

1. ACOGIDA

- Amigos: Benvidos neste domingo do mes de novembro á Festa do Señor! Aos poucos ímonos achegando ao tempo de Advento. Nestes últimos domingos, as lecturas fálannos do outono da vida, de adversidades, de problemas para mantermos firmes na fe ... Pero Xesús recórdanos que non teñamos medo porque El poñerá no noso corazón palabras de luz e de esperanza para saír adiante.

Hoxe temos un recordo especial **pola nosa Diocese**, a gran familia de todas as nosas parroquias, comunidades e relixiosos/as, presidida polo noso Bispo. Hoxe pediremos por ela para que poida realizar todas as tarefas pastorais que leva a cabo. (*Poden saír nenos co cartel da Igrexa Diocesana: "Somos unha familia contigo!"*).

2. CELEBRACIÓN DO PERDÓN

Recoñezamos os nosos pecados.

- *Cando os problemas de cada día e o desánimo nos fan dubidar das persoas e de Ti. Señor, ten piedade.*

- *Cando a tristeza, a soidade, e o cansazo nos desaniman ou inmovilizan. Cristo, ten piedade.*

- *Cando imos perdendo valores como a constancia, a perseveranza. Señor, ten piedade.*

Que Deus, noso Pai, teña misericordia de nós, perdoe os nosos pecados e nos leve cara a vida eterna.

3. MONICIÓN ÁS LECTURAS

As lecturas de hoxe, pódennos resultar sorprendentes pola súa linguaxe de destrución. Pero en realidade é unha invitación a non deixarnos levar polo medo nas dificultades que podamos atopar na nosa vida actual, senón a seguir fielmente o camiño do Señor, a vivir a esperanza da nova vida. escoitemos, con gozo, esta mensaxe de salvación.

4. PETICIÓNS

Presentemos nosas súplicas dicindo: - Pedímoscho, Señor.

- 1.- Pola Igrexa Diocesana. Para que todos nos sintamos Igrexa e colaboremos con ela na evanxelización. Oremos.
- 2.- Polos que formamos a Igrexa. Para que sexamos unha comunidade viva, comprometida coas alegrías e as
- 3.- Por todos os sacerdotes, catequistas, segres. Por todos os que traballan nas parroquias sen recompensa
- 4.- Polos que estamos aquí reunidos. Para que miremos, sempre que nos ergamos pola mañá, ao ceo, e
- 5.- Para que sexamos responsables co noso traballo, perseverantes na nosa fe e esperanzados na construción do

5. OFRENDAS

FOTOGRAFÍA DA CATEDRAL E DO BISPO: Con estas fotografías da Catedral da nosa Diocese e do noso Bispo (.....) ofrecémosche, Señor, a alegría de pertencer á nosa Igrexa que camiña en (.....) e o noso desexo de apoiar todas as actividades pastorais que se realizan nela.

CARTEL DA IGREXA DIOCESANA: A nosa diocese está formada polo bispo, os sacerdotes, as familias, os relixiosos e laicos. Xuntos anunciamos a Xesús que é o noso amigo, o noso salvador. E intentamos construír entre todos un mundo máis humano e máis xusto, un mundo de irmáns, nos que a ninguén lle falte o necesario para vivir e unha man amiga.

O PAN E O VIÑO: Cristo lévanos da man nas dificultades de cada día, tamén na enfermidade e na morte, e é o amigo que nunca falla. Cada domingo unímonos máis e máis a el na eucaristía para que inspire nos nosos corazóns a palabra axeitada e o xesto oportuno. Grazas por ser o noso amigo fiel.

Ti
Ti coñeces a miña alma,
Ti sabes todo o que é preciso
facer nela.
Faino ao teu modo.
Atráeme a Ti, meu Deus.
Éncheme de puro amor a Ti.
Non permitas que xamais

me aparte do camiño do teu amor.
Amósamo con claridade.
Déixoo todo nas túas mans.
Non terei medo de nada,
porque estarei sempre nas túas mans
e xamais te deixarei
e xamais me deixarás.

Thomas Merton

MISA CON NENOS – 33-ORDINARIO- C

Lucas 21, 5-19: *"Non vos preocupedes. Eu poñerei palabras na vosa boca".*

Mensaxe: Nada de medos, Deus poñerá palabras na miña boca.

POSIBLES MONICIÓNS PARA A MISA

ACOGIDA

- Amigos: Benvidos neste domingo do mes de novembro á Festa do Señor! Aos poucos ímonos achegando ao tempo de Advento. Nestes últimos domingos, as lecturas fálannos do outono da vida, de adversidades, de problemas para manternos firmes na fe ... Pero Xesús recórdanos que non teñamos medo porque El poñerá no noso corazón palabras de luz e de esperanza para saír adiante.

Hoxe temos un recordo especial **pola nosa Diocese**, a gran familia de todas as nosas parroquias, comunidades e relixiosos/as, presidida polo noso Bispo. Hoxe pediremos por ela para que poida realizar todas as tarefas pastorais que leva a cabo. *(Poden saír nenos co cartel da Igrexa Diocesana: "Somos unha familia contigo!")*.

MONICIÓN ÁS LECTURAS

As lecturas de hoxe, pódennos resultar sorprendentes pola súa linguaxe de destrución. Pero en realidade é unha invitación a non deixarnos levar polo medo nas dificultades que podamos atopar na nosa vida actual, senón a seguir fielmente o camiño do Señor, a vivir a esperanza da nova vida. escoitemos, con gozo, esta mensaxe de salvación.

CELEBRACIÓN DO PERDÓN

Recoñezamos os nosos pecados.

*- Cando os problemas de cada día e o desánimo nos fan dubidar das persoas e de Ti. **Señor, ten piedade.***

*- Cando a tristeza, a soidade, e o cansazo nos desaniman ou inmovilizan. **Cristo, ten piedade.***

*- Cando imos perdendo valores como a constancia, a perseveranza. **Señor, ten piedade.***

Que Deus, o noso Pai, teña misericordia de nós, perdoe os nosos pecados e lévanos á vida eterna.

MISA CON NENOS – 33-ORDINARIO- C

Lucas 21, 5-19: *"Non vos preocupedes. Eu poñerei palabras na vosa boca".*

Mensaxe: Nada de medos, Deus poñerá palabras na miña boca.

PROCESIÓN DE OFRENDAS

FOTOGRAFÍA DA CATEDRAL E DO BISPO:

Con estas fotografías da Catedral da nosa Diocese e do noso Bispo (.....) ofrecémosche, Señor, a alegría de pertencer á nosa Igrexa que camiña en (.....) e o noso desexo de apoiar todas as actividades pastorais que se realizan nela.

CARTEL DA IGREXA DIOCESANA:

A nosa diocese está formada polo bispo, os sacerdotes, as familias, os relixiosos e laicos. Xuntos anunciamos a Xesús que é o noso amigo, o noso salvador. E intentamos construír entre todos un mundo máis humano e máis xusto, un mundo de irmáns, nos que a ninguén lle falte o necesario para vivir e unha man amiga.

O PAN E O VIÑO:

Cristo lévanos da man nas dificultades de cada día, tamén na enfermidade e na morte, e é o amigo que nunca falla. Cada domingo unímonos máis e máis a el na eucaristía para que inspire nos nosos corazóns a palabra axeitada e o xesto oportuno. Grazas por ser o noso amigo fiel.

MISA CON NENOS – 33-ORDINARIO- C

Lucas 21, 5-19: "Non vos preocupedes. Eu poñerei palabras na vosa boca".

Mensaxe: Nada de medos, Deus poñerá palabras na miña boca.

PETICIÓN

Presentemos as nosas súplicas dicindo: - Pedímoscho, Señor.

- 1.- Pola Igrexa Diocesana. Para que todos nos sintamos Igrexa e colaboremos con ela na evanxelización. Oremos.
- 2.- Polos que formamos a Igrexa. Para que sexamos unha comunidade viva, comprometida coas alegrías e as tristezas de todos. Oremos.
- 3.- Por todos os sacerdotes, catequistas, segrares. Por todos os que traballan nas parroquias sen recompensa ningunha. Para que o Espírito Santo os fortaleza e os anime a seguir adiante. Oremos.
- 4.- Polos que estamos aquí reunidos. Para que miremos, sempre que nos ergamos pola mañá, ao ceo, e pensemos no que nos espera cando un día pechemos os ollos a este mundo. Oremos.
- 5.- Para que sexamos responsables co noso traballo, perseverantes na nosa fe e esperanzados na construción do Reino. Oremos.

Escoita, Pai, o que che acabamos de pedir, por XCNS.

MISA CON NENOS – 33-ORDINARIO- C

Lucas 21, 5-19: "Non vos preocupedes. Eu poñerei palabras na vosa boca".

Mensaxe: Nada de medos, Deus poñerá palabras na miña boca.

Ti

Ti coñeces a miña alma,
Ti sabes todo o que é preciso
facer nela.

Faino ao teu modo.

Atráeme a Ti, meu Deus.

Éncheme de puro amor a Ti.

Non permitas que xamais
me aparte do camiño do teu amor.

Amósamo con claridade.

Déixoo todo nas túas mans.

Non terei medo de nada,
porque estarei sempre nas túas mans
e xamais te deixarei
e xamais me deixarás.

Thomas Merton